

## Concello da Capela

### ANUNCIO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza reguladora sobre o **servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos**, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de **vinte días hábiles** a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

<b>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa</b>	- Mellorar a eficacia e eficiencia da recollida e o tratamento de residuos sólidos urbanos - Potenciar a recollida selectiva de residuos para acadar unha maior porcentaxe de reciclado - Potenciar a compostaxe de residuos orgánicos
<b>Necesidade e oportunidade da súa aprobación</b>	A entrada en vigor da nova normativa de recollida domiciliar de residuos orgánicos
<b>Obxectivos da norma</b>	Contar cun marco normativo en materia de recollida e tratamento de residuos
<b>Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias</b>	Ningunha

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

